

Valle-Inclán

CÁTEDRA
VALLE-INCLÁN

Universidade de
Santiago de Compostela

**MEMORIA DA CATEDRA VALLE-INCLAN DA USC
(2010)
DOSSIER DE PRENSA E OUTROS DOCUMENTOS**



MEMORIA DA CATEDRA VALLE-INCLAN DA USC (2010)

Como preámbulo común aos informes precedentes, na paxina Web <http://www.usc.es/catedras/valle-inclan> pódese atopar a información completa dos integrantes (nómina e *curricula*), obxectivos, actividades realizadas, publicacións colectivas, fondo documental e bibliográfico e proxectos da **Cátedra Valle-Inclán** da USC, que son complementarios e economicamente diferenciados dos realizados polo Grupo de Investigación Valle-Inclán (GIVIUS), que conta cun proxecto subvencionado pola DGICYT para o período 2007-2010 (HUM2007-62588), e ten tramitada xa a solicitude do novo Proxecto de I+D, correspondente a convocatoria 2011. Ademais, en decembro de 2009 a Xunta de Galicia (INCITE) concedeulle o noso Grupo unha nova subvención para o período 2009-2012. O GIVIUS (GI-1347, no catálogo da USC) segue a estar integrado polos mesmos tres profesores (IP: Margarita Santos Zas; Javier Serrano Alonso e Amparo de Juan Bolufer, ámbolos dous na Facultade de Humanidades de Lugo), 2 contratos FP1, 6 estudantes de Terceiro Ciclo (dúas novas incorporacións) e 2 doutores. Todos eles colaboran e participan nas actividades xeradas pola **Cátedra Valle-Inclán** desde os seus inicios, de acordo con Convenio de creación da mesma.

ACTIVIDADES 2010 (*vid. dossier* adxunto)

A **Cátedra Valle-Inclán da USC** desenvolveu ao longo do ano 2010 distintas actividades, algunhas das cales forman parte das previstas anualmente dentro do seu propio programa, tal é o caso do *Seminario Permanente* ou as publicacións que conforman a *Biblioteca da Cátedra Valle-Inclán*. Pero ademais, nesta memoria descríbense outras, que pola súa importancia debo subliñar. Refírome 1. Ás consecuencias derivadas da aplicación do segundo convenio asinado entre a USC e os Herdeiros Valle-Inclán/Alsina (20 maio 2009). 2. A proxección do convenio asinado entre a USC e a Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes para a creación do Portal Institucional “Cátedra Valle-Inclán”, inaugurado en abril do 2009. Desde este Portal podese acceder á páxina Web da USC da *Cátedra Valle-Inclán*, que actúa igualmente como foco de difusión da nosa actividade editorial e investigadora. 3. A nosa presenza na programación da Fundación Cidade da Cultura nos actos organizados

para inauguración do Arquivo e Biblioteca da mesma. 4. O acordo explícito do Parlamento Galego (5 de agosto 2010) de apoio ás actividades da **Cátedra** con motivo do 75º aniversario da morte do escritor, que conleva a organización do Congreso “Valle-Inclán y las artes” (outubro de 2011). A eles refirome nas páxinas seguintes.

1.- Biblioteca da Cátedra Valle-Inclán. Últimos títulos:

Leva publicados, desde a súa creación (2005), seis vols. (un deles dobre), ten no prelo o séptimo, xa correxidas as primeiras probas; e previstos 3 títulos máis (2011-2012).

- o *Todo Valle-Inclán en Roma (1933-1936). Edición, anotación, índices y facsímiles* (saiu do prelo en xullo do 2010).

É unha monografía colectiva, froito dunha investigación de máis de 3 anos, cuxas autoras (Margarita Santos Zas (Dir.), Francisca Martínez, Carmen Vilchez, Catalina Míguez, Sandra Domínguez y Rosario Mascato) forman parte do GIVIUS e da **Cátedra Valle-Inclán**.

É un volume dobre da serie monografías da *Biblioteca Valle-Inclán*, colección propia da **Cátedra**, que se edita no marco do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC. Consta o libro de 668 pp. en soporte papel e un CD encartado na contracuberta. Esta libro mereceu o Premio de Investigación Valle-Inclán 2008, da Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa.

Aínda que o libro describiuse no proceso da súa preparación na memoria precedente, resumo as súas características principais: Reune 300 documentos transcritos, boa parte deles inéditos, exhumados nos arquivos do Ministerio de Asuntos Exteriores e da Academia de Roma, anotados profusamente, que permiten, gracias a un sistema de referencias internas, o seguimento transversal dos temas recurrentes a lo longo deses 300 documentos (algúns de ata 20 pp.). O libro contén dous índices (onomástico e de organismos e institucións), que, respectivamente, biografían as personalidades citadas nos documentos e historian as institucións ou organismos igualmente alí mencionados; e péchase con dous índices (a recepción na prensa romana da estrea de *Le Corna de Don Friolera -1934-*, de Valle-Inclán; e 12 novas cartas, aparecidas con posterioridade a ter rematado o libro). O CD contén 70 documentos facsimilares dos textos transcritos, máis fotografías, telegramas, facturas, etc.

Ben que o libro editouse na devandita *Biblioteca Valle-Inclán*, comparte o o seu pé de imprenta coa Deputación de Pontevedra, que aportou, despois de longas xestións,

4.998,69 euros aos custos totais da edición (8.735, 50 euros). A esta cantidade hei de referirme no apartado orzamentario.

Presentación e difusión de *Todo Valle-Inclán en Roma (1933-1936)*:
Presentouse o 5 de outubro de 2010 no Salón Reitoral do Pazo de Fonseca, nun acto presidido polo Vicerreitor de Cultura, Excmo. Sr. Don Javier Garbayo, acompañado polo Vicepresidente da Deputación de Pontevedra, Excmo. Sr. José Juan Durán, o Director do Servizo de Publicacións da USC, Don Juan Blanco, que intervion no acto, xunto coa Directora da Cátedra, que fixo a súa presentación, en presenza de todas as autoras do libro, nun acto ateigado de público e medios de comunicación, que tivo amplísima repercusión na prensa, radio e TVG (*vid. dossier gráfico e textual*). Presentouse igualmente en Vilanova de Arousa (26 de outubro de 2010).

Unha boa nova e que a **Academia de Bellas Artes de España en Roma**, a través do seu director, Excmo. Sr. Don Enrique Panés, cursou unha invitación formal á Directora da **Cátedra** para a presentación desta monografía en Roma, que estamos a xestionar para abril de 2011. Igualmente o Instituto Cervantes de Madrid e de Roma mostraron o seu interese por participar nesta presentación.

Recepción: O libro está a ter as primeiras mostras dunha magnífica recepción crítica en medios especializados (adxuntamos como mostra a reseña de Carme Alerm no *Boletín da Biblioteca Menéndez Pelayo*; e temos constancia doutras reseñas no *Anurio Valle-Inclán* –Manuel Alberca-, na *Revista de Libros* –José Carlos Mainer-, no Cultural do *ABC* –Miguel Fernández Cid- e no *Boletín Galego de Literatura* –Anxo Abuín-).

A **TVG2** presentou o libro no programa “Eirado”, a cargo do periodista Pemón Bouzas, que entrevistou á Directora da Cátedra, e se emitiu o 22 de xaneiro pasado.

Para rematar este apartado de recepción e difusión, debo indicar que exemplares deste libro enviáronse, como é habitual, aos 23 membros do Consello Editorial da colección, ao Presidente da Fundación Banco Santander, Don Emilio Botín, quen nos felicitou expresamente por esta edición (*vid. copia da carta adxunta*); e outros directivos da Fundación Miguel de Cervantes; así como a directora da SEAC, Charo Otegui, o Director de Proyectos Culturales do Instituto Cervantes de Madrid, Ernesto Pérez Zúñiga, ao Conselleiro e Director Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, etc.

Unha nova monografía da *Biblioteca Valle-Inclán* entrou no prelo a finais de setembro de 2010, coas revisións pertinentes da directora da colección, e neste momento están corrixidas primeiras probas e está prevista a súa saída para a primaveira de 2011:

- Dru Dougherty: *Iconos de la Tiranía: La recepción crítica de Tirano Banderas(1926-2000)*.

O seu autor –Catedrático da Universidade de Berkeley- é un dos máis recoñecidos valleinclanistas, o que significa que a *Biblioteca da Cátedra Valle-Inclán* ten xa un prestixio consolidado, que fai dela un medio idóneo para difundir a investigación valleinclaniana internacionalmente.

Neste ámbito de difusión, a colección conxunta da *Biblioteca da Cátedra Valle-Inclán* está a ter moi boa acollida, como proban as recensións críticas de todas e cada unha das súas publicacións, aparecidas en revistas do hispanismo, como *Boletín de la Biblioteca Menéndez Pelayo*, *Anuario Valle-Inclán*, *El Pasajero*. *Revista valleinclaniana*, ademais do *Boletín de la Unión de editoriales Universitarias Españolas*.

Neste mesmo orde de cousas, é preciso salientar que -a proposta do entón Director académico do noso Servizo de Publicacións, prof. Antonio Azaustre-, Francisca Martínez, en representación da Directora da **Cátedra**, presentou a colección *Biblioteca da Cátedra Valle-Inclán*, no I Foro Editorial de Estudios Hispánicos y Americanistas (UNE), organizado pola Universiade Jaume I de Castellón (21-23 de abril), cuxas actas recollen a devandita intervención..

2.- Seminario Permanente da Cátedra Valle-Inclán: aínda que nos anos precedentes a Cátedra organizaou unha media de tres seminarios/ano (6 horas seminario, distribuídas en dúas xornadas), impartidos por especialistas moi cualificados e recoñecidos na obra de Valle-Inclán (17 seminarios desde a súa creación, cfr. Memorias previas), a redución orzamentaria da **Cátedra**, conlevou, finalmente, a supresión dos seminarios anuais correspondentes ao 2010 (2/3 viaxes, estadas e emolumentos dos conferenciantes). No 2011, aínda que as previsións oramentarias non son optimistas, temos en perspectiva a celebración do Congreso Internacional “Valle-Inclán y las artes”, que aconsella *a priori* reservar os gastos asignados ao Seminario Permanente e derivalos ao devandito Congreso, concretamente aos gastos de 2/3 ponentes.

3. Congreso Internacional “Valle-Inclán y las Artes”:

Damos conta aquí das xestións, realizadas en 2010, para a celebración deste Congreso, que supoñen os preliminares do mesmo. No mes de xuño de 2010 iniciáronse as conversas coa Deputación de Pontevedra, Museo de Pontevedra, a Fundación Valle-Inclán e os dous museos consagrados ao escritor vilanovés (“Cuadrante” de Vilanova de

Desde o 20 de novembro de 2009 a USC conta nos seus fondos, custodiados na súa caixa de seguridade, co Legado Manuscrito orixinal de Valle-Inclán (6.450 páxinas aprox.), descrito pormenorizadamente na memoria correspondente ao 2009, así como o inventario, o seu traslado e todas as xestións que o acompañaron.

É salientable o papel da **Cátedra Valle-Inclán**, xestora de todo este longo proceso ata á sinatura do convenio, que contou co respaldo da USC, que asumiu os gastos derivados do traslado, depósito e seguros.

Este legado valleincliniano, absolutamente excepcional e valiosísimo (a título orientativo, o precio de mercado dun pequeno arquivo, integrado por 4 cartas e 2 poemas inéditos, ofertado en decembro pasado, acadou un precio de 15.000 euros), fai da nosa Universidade un centro de referencia privilexiado para os estudos valleinclinianos, non menos que para o noso Grupo, encargado expresamente do seu estudo e edición facsimilar na colección da *Biblioteca Valle-Inclán*.

En canto á tarefa de **difusión** do legado no ámbito académico, ademais da súa presentación no seu momento (*Anuario Valle-Inclán VIII* (Temple University, Philadelphia), e no foro do “II Congreso Internacional de Manuscritos literarios modernos” -decembro 2009-, a publicación das súas actas (primaveira do 2011), presentáronse os primeiros traballos, derivados do estudo dos manuscritos no Coloquio de Primavera da Universidade Coimbra (maio 2010) e no *Anuario Valle-Inclán X / ALEC* (2010). Asemade, no Congreso “Valle-Inclán y las artes” adicaremos unha sesión a presentación do Legado do escritor e pretendemos igualmente presentar a primeira edición facsímil dunha obra inédita de Valle-Inclán, que edita a *Biblioteca Valle-Inclán* da USC, cun custo estimado de 6500 euros.

En febreiro de 2011, dentro deste marco de difusión das actividades da **Cátedra**, e particularmente do Legado manuscrito, está previsto un programa na TVE en Galicia adicado á *Cátedra Valle-Inclán* con motivo do 75º Aniversario da morte do escritor.

4.- Beneficios derivados do convenio asinado coa **Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes** (BVMC):

A creación do **Portal Institucional Cátedra Valle-Inclán**, que se pode consultar en <http://www.cervantesvirtual.com/portal/catedravalleinclin/>, é un medio de difusión das nosas actividades e fondos documentais. Pode verse nel un amplo muestrario da iconografía valleincliniana e das ilustracións das obras do escritor, que espuxemos en abril de 2009 en Fonseca (máis de 5000 visitantes) e en outubro do

mesmo ano no Museo de Pontevedra (*vid.* Memoria de 2009). As imaxes alí exhibidas, a biografía e a bibliografía de Valle-Inclán é xa un punto de referencia, cun rexistro de case 500 visitas, está por riba da media comparada con outros “portales” adicados a escritores na mesma BVMC. Tamén dese Portal se derivaron consultas específicas por parte de investigadores de outras universidades aos nosos fondos documentais.

5.- Preparación e edición do *Anuario Valle-Inclán IX/Anales de la Literatura Española Contemporánea* (34.3.2009):

Desde a súa sede, Temple University (Philadelphia), séguese a editar coa nosa Universidade, baixo a dirección igualmente de Luis González del Valle e Margarita Santos Zas, que cumpriu 10 anos de andaina co volume correspondente ao 2010. O balance desta primeira década ofrécese neste volume na presentación dos seus responsabeis. Ademais, neste décimo vol., como nos nove anteriores, colabora o Grupo nas seccións de documentación, recensións críticas e bibliografía, de xeito que os investigadores máis novos teñen a oportunidade de adiantar a súa investigación, publicando nunha das revistas máis prestixiosas (*ALEC*) do hispanismo. Tamén apareceu neste volume a recensión crítica de Jesús Rubio Jiménez (Universidad de Zaragoza) sobre o *Archivo Familia del Valle-Inclán: descripción del fondo documental* (vol. 3 da *Biblioteca Valle-Inclán* da USC), subliñando a preciosa factura da edición e a fundamental aportación desta Biblioteca aos estudos valleinclanianos. Neste mesmo número se edita un estudio sobre *Romance de Lobos*, con anotacións de puño e letra do escritor, procedente do Legado Valle-Inclán

6.- Colaboración con institucións ou organismos galegos:

Un dos aspectos que cultiva a **Cátedra Valle-Inclán** é a colaboración con outros organismos e institucións de fóra e dentro de Galicia. Este ano 2010 hai que salientar a colaboración coa **Fundación Cidade da Cultura** na programación “Galicia Ceo das letras”, que forma parte dos actos de inauguración da Biblioteca e Arquivo da mesma.

No mes de outubro de 2010 solicitaron a dirección da Cátedra a súa colaboración para orgaizar unha actividade adicada a Valle-Inclán, que figura no programa de man e dixital da Cidade da Cultura (*vid.* no *dossier* folleto adxunto), no que se consignan os logos da USC e da propia Cátedra. Tal como se pode ver no devandito programa, o acto adicado a Valle-Inclán está previsto para o 26 de marzo de 2011, e contará coa presenza e intervención dun dos directores de teatro máis importantes do panorama

actual, José Luis Gómez, creador do teatro de La Abadía, que inaugurouse coa estrea do *Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte*, de Valle-Inclán. Nesta sesión intervirá igualmente a Directora da Cátedra.

A maiores desta importante e publicitada colaboración, este pasado ano tivemos as habituais colaboracións cos museos valleinclanianos, nas que inscríbense as Xornadas organizadas anualmente polo Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal e máis as promovidas polo Casa-Museo Cuadrante e a Fundación Valle-Inclán (Vilanova de Arousa). Representantes da Cátedra, invitada en tódolos casos, estiveron presentes.

Por outra parte, a xestión levada a cabo coa Deputación de Pontevedra no caso da edición de *Todo Valle-Inclán en Roma*, supuxo sentar un precedente de coedicións, tanto para a colección propia da Cátedra, como para o Servizo de Publicacións da USC, que pode abrir novas portas de cara ao futuro.

O espazo de colaboración coa programación do 75º aniversario da morte de Valle-Inclán, tal como se indicou antes, supón a implicación da Cátedra con todo os organismos que tradicionalmente adican a súa atención en Galicia a Valle-Inclán. A proposta dunha celebración conxunta, a instancias da dirección da Cátedra, respaldada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, implica que a Cátedra, mantendo plena autonomía na organización de seu Congreso “Valle-Inclán y las artes”, levará a cabo actividades complementarias do Congreso en espazos alleos a facultade de Filoloxía, onde vai celebrarse: Cidade da Cultura (unha sesión do Congreso e Museo de Pontevedra, a sesión de clausura).

A Catedra colaborou o 13 de decembro coa produtora cinematográfica Gona para rodar un documental, subvencionado pola SEAC, adicado a Valle-Inclán, no que participaron Santos Zas e Javier Serrano con sendas entrevistas.

Cumpre saleintar a invitación da Academia de Bellas Artes de Roma, onde presentaremos na primaveira o libro editado pola *Biblioteca da Cátedra Todo Valle-Inclán en Roma*, medio excepcional para a súa difusión.

E, finalmente, é moi significativa da proxección acadada pola **Cátedra** o acordo do Parlamento Galego (5 de agosto de 2010) do apoio expreso ás iniciativas da mesma relacionadas co 75º aniversario de Valle-Inclán.
